

ADMINISTRACION BÁSICA DE AULAS VIRTUAIS

AULA VIRTUAL NO DISPOSITIVO MÓBIL.

Configuración da aula virtual para usar a app



Configuración da aula virtual para usar a app


A configuración da aula virtual para permitirlles aos usuarios o acceso a través da app Moodle Mobile debe ser feita por un administrador da aula virtual, xa que é o usuario que conta cos permisos suficientes para poder activar este servizo.

A configuración consta dos seguintes pasos:

① 1º PASO. Activar os servizos web para móbiles

Menú = "Administración - Administración do sitio - Apli móbil - Axustes para mobile"

Nesta pantalla, haberá que marcar a casilla "**Activar os servizos web para móbiles**" e finalmente pulsar o botón "**Gardar os cambios**"



② 2º PASO. Activar os servizos externos

Menú = "Administración do sitio - Engadidos - Servizos web - Servizos externos"

Nesta pantalla, haberá que pulsar sobre a opción "**Editar**" (na parte dereita da pantalla) que corresponde a cada un dos dous seguintes servizos externos:

- Moodle Mobile additional features service
- Moodle mobile web service

Despois de "editar" cada un destes servizos, mostraráse unha nova pantalla para cada un deles, na que se deberá marcar a casilla "**Activado**" e finalmente "**Gardar os cambios**"

Panel de control > Administración do sitio > Engadidos > Servizos web > Servizos externos

Activar a edición de bloques

NAVEGACIÓN

Panel de control

- Inicio do sitio
- Páxinas do sitio
- Cursos

ADMINISTRACIÓN

- Administración do sitio
 - Notificacións
 - Registro
 - Características avanzadas
 - Usuarios
 - Cursos
 - Cualificacións
 - Competencias
 - Insignias
 - Localización
 - Idioma
- Engadidos
 - Vista xeral de engadidos
 - Almacenamento na caché
 - Autenticación
 - Bloques
 - Buscar
 - Comportamento das preguntas
 - Convertedores de documentos
 - Editores de texto
 - Engadidos antivirus
 - Engadidos locais
 - Ferramentas de administración
 - Filtros
 - Formatos de curso
 - Formatos de datos
 - Informes
 - Licenzas
 - Matriculacións
 - Mensaxes salientes
 - Módulos de actividade
 - Repositorios
 - Reprodutores multimedia
 - Restriccións de dispoñibilidade
 - Revisión
- Servizos web
 - Vista xeral
 - Documentación da API
 - Servizos externos
 - Xestionar os protocolos
 - Xestionar as credenciais

Servizos externos

Información

Un servizo é un conxunto de funcións. A dito servizo poden acceder todos os usuarios ou só algúns especificados.

Servizos incluídos

Servizo externo	Engadido	Funcións	Usuarios	Editar
Moodle Mobile additional features service	local_mobile	Funcións	Tódolos usuarios	Editar
Moodle mobile web service	moodle	Funcións	Tódolos usuarios	Editar
Moodle Office 365 Webservices	local_o365	Funcións	Tódolos usuarios	Editar
treasurehuntservices	mod_treasurehunt	Funcións	Tódolos usuarios	Editar

Servizos personalizados

Servizo externo Eliminar Funcións

Engadir

Servizo externo

Nome: Moodle Mobile additional feature

Nome curto: local_mobile

Activado: ☒

Só usuarios autorizados: ☐ [Amosar máis...](#)

[Gardar os cambios](#) [Cancelar](#)

Servizo externo

Nome: Moodle mobile web service

Nome curto: moodle_mobile_app

Activado: ☒


Só usuarios autorizados: ☐ [Amosar máis...](#)

[Gardar os cambios](#) [Cancelar](#)

3º PASO. Habilitar o permiso de creación de credenciais

Menú = "Administración do sitio - Usuarios - Permisos - Definir roles"

Nesta pantalla, debemos pulsar sobre a icona de edición "roda dentada" que corresponde a "**Usuario autenticado**"




Despois de pulsar a icona de edición (roda dentada) móstrase unha pantalla moi longa (moi extensa), obde deberemos localizar e marcar a opción;

- **Crear unha ficha de servizo web** (moodle/webservice:createtoken)



Nesta mesma pantalla debemos comprobar que tamén aparece marcada a opción inmediatamente anterior titulada "**Crear unha ficha de servizo web para acceso de móbiles**"

Finalmente, pulsamos o botón "**Gardar os cambios**"  que atoparemos no fondo (ao final) da pantalla.



IMPORTANTE: Acceso de usuarios administradores

Por defecto, os usuarios **administradores** da Aula Virtual non poden usar a app Moodle Mobile, xa que o servizo de creación automática de credenciais non se permite para usuarios "administradores" por razóns de seguridade.

Para permitir aos usuarios "administradores" o uso da app Moodle Mobile, é necesario habilitar manualmente o permiso para cada un deles desde a seguinte pantalla:

Menú = "Administración do sitio - Engadidos - Servizos web - Xestionar as credenciais"

1º.- Pulsa o enlace "**Engadir**"

2º.- No desplegable "**Usuario Buscar**" seleccionar o usuario "administrador" que desexes.

3º.- No desplegable "**Servizo**" selecciona a opción "**Moodle Mobile additional features service**"

4º. -Finalmente pulsa o botón "**Gardar os cambios**"

The screenshot shows the Moodle administration interface. On the left, there is a sidebar with two main sections: 'NAVEGACIÓN' and 'ADMINISTRACIÓN'. The 'ADMINISTRACIÓN' section is expanded, showing a list of options including 'Vista xeral de engadidos', 'Almacenamento na caché', 'Autenticación', 'Bloques', 'Buscar', 'Comportamento das preguntas', 'Convertedores de documentos', 'Editores de texto', 'Engadidos antivirus', 'Engadidos locais', 'Ferramentas de administración', 'Filtros', 'Formatos de curso', 'Formatos de datos', 'Informes', 'Licenzas', 'Matriculacións', 'Mensaxes saíntes', 'Módulos de actividade', 'Repositorios', 'Reprodutores multimedia', 'Restriccións de dispoñibilidade', 'Rexistrando', 'Servizos web', 'Vista xeral', 'Documentación da API', 'Servizos externos', 'Xestionar os protocolos', and 'Xestionar as credenciais'. The 'Xestionar as credenciais' option is highlighted. The main content area is titled 'Xestionar as credenciais' and contains a form titled 'Crear unha credencial'. The form has a 'Credencial' section with the following fields: 'Usuario' (a dropdown menu with 'Non hai selección' and a 'Buscar' button), 'Servizo' (a dropdown menu with 'Moodle mobile web service', 'Moodle Mobile additional features service', 'Moodle Office 365 Webservices', and 'treasurehuntservices'), 'Restricción IP' (a text input field), and 'Caduca o' (a date picker set to '11' of 'Setembro' of '2020' with an 'Activar' checkbox). At the bottom of the form are 'Gardar os cambios' and 'Cancelar' buttons. A red box highlights the 'Engadir' button in the sidebar and the 'Crear unha credencial' form. A red arrow points from the 'Engadir' button to the 'Crear unha credencial' form. Another red arrow points from the 'Servizo' dropdown menu to the 'Gardar os cambios' button. Below the form, there is a note: 'Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *'.

Nota: Este procedemento só é aplicable aos **usuarios administradores**, para que poidan usar a app **Moodle Mobile**. Para todos os demais usuarios non é necesario realizar este procedemento.

Instalar a app no meu dispositivo



Instalar a app no meu dispositivo

Para instalar a app no teu dispositivo móbil (tablet e/ou smartphone), en primeiro lugar descarga a app desde a tenda de aplicacións do teu dispositivo móbil "**Google Play**" ou "**App Store**", do mesmo xeito que calquera outra aplicación para o móbil. Esta app é totalmente gratuíta.

① Se usas un dispositivo móbil (teléfono ou tablet) con **sistema operativo Android**


Desde o teu dispositivo móbil abre a tenda de aplicacións **Google Play** e busca a app tecleando "Moodle app". A continuación descarga e instala esta app no teu dispositivo móbil

② Se usas un dispositivo móbil (teléfono ou tablet) con **sistema operativo iOS**

Desde o teu dispositivo móbil abre a tenda de aplicacións **App Store** e busca a app tecleando "Moodle app". A continuación descarga e instala esta app no teu dispositivo móbil.



Unha vez descargada a app no teu dispositivo móbil, a primeira vez que a usas debes introducir os datos de conexión coa Aula Virtual do teu centro educativo.



① **imaxe 1**

Cando abras por primeira vez a app, deberás introducir a dirección URL de aula virtual do teu centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/nome-do-centro/aulavirtual>

Fíxate que introduces correctamente a dirección URL e que non cometes ningún erro. Sobre todo asegúrate de que introduces o dominio **".gal"** e non **".es"**

② **imaxe 2**

Se o enderezo URL introducido é correcto e a configuración da Aula Virtual tamén é correcta, a app permitirá que pulses o botón **"Conectar ..."**

③

imaxe 3

Nesta terceira pantalla deberás introducir o mesmo nome de usuario e contrasinal que usas para acceder á Aula Virtual en modo online, desde o ordenador.

Que podo facer coa app Moodle Mobile



Que podo facer coa app Moodle Mobile


Cando o usuario entra por primeira vez na app, vai directamente á pantalla principal da aplicación onde se poden distinguir dúas áreas claramente diferenciadas:

- **Área persoal**


Na área persoal móstranse os cursos nos que está matriculado o usuario (os cursos aos que ten acceso), podendo seleccionar os cursos que queres visualizar por intervalos de datas.

- **Inicio do sitio**


Na área "Inicio do sitio", o usuario pode visualizar a lista de categorías na que están organizados os cursos, así como tamén realizar unha busca de cursos en función dos criterios de busca que se introduzan no buscador.



O resto dos menús que contén a aplicación dan acceso a outro tipo de funcionalidades.



Os menús adaptaciónse á área dispoñible de pantalla, polo que no caso de usar Moodle Mobile desde unha tableta a área de traballo é moito maior e resulta moito máis cómodo para o usuario.



Funcionalidades principais de Moodle Mobile



Funcionalidades principais Moodle Mobile

A aplicación offline **Moodle Mobile** é compatible coa maioría dos recursos e actividades que poden ser usados na versión online da Aula Virtual, polo que as funcionalidades que ofrece esta app son practicamente as mesmas, a nivel de usuario, que na versión online.

- Tipos de **recursos** compatibles coa app Moodle Mobile

libro, ficheiro, cartafol, IMSCP, etiqueta, páxina,
URL



- Tipos de **actividades** compatibles coa app Moodle Mobile

tarefa, escolla, base datos, feedback, foro,
glosario
lección, proba, SCORM, seguemento, wiki,
workshop



Por outro lado, o uso desta app desde o noso dispositivo móbil permítenos facer outras moitas cousas:

- Subir ficheiros á nosa área de almacenamento persoal
- Gravar ficheiros de audio no dispositivo móbil e subilos directamente á área de almacenamento persoal da versión online
- Enviar mensaxes privadas a un ou varios dos participantes nos nosos cursos, directamente desde a app
- Engadir aos participantes nos cursos aos nosos contactos do teléfono móbil
- Realizar unha chamada de voz a calquera dos participantes dos nosos cursos
- Xeolocalizar a calquera dos participantes nun curso, a través de Google Maps
- Descargar e ver algúns dos recursos dos cursos
- Recibir notificacións Push, directamente no teléfono móbil, cando envían mensaxes ou avisos dirixidos a nós
- Utilizar a mensaxería privada entre usuarios
- Integrar o calendario do curso co calendario do noso dispositivo móbil, para poder recibir recordatorios en formato de notificacións locais
- Auto-matricularnos nos cursos que estea permitido, directamente desde o noso dispositivo móbil

Neste sentido, o uso da app **Moodle Mobile** aporta un valor engadido aos nosos cursos incrementando as posibilidades de interacción cos contidos, as actividades e os participantes nos cursos e aportando tamén unha nova experiencia de usuario no uso das Aulas Virtuais